



Servizo de Persoal

Asunto: Corrección de erro na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración de data 31/01/2019.

RESOLUCIÓN

Por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 31/01/2019, resolveuse entreo o outros o seguinte:

Aprobar a lista de agarda de prazas de técnicos medios de xestión (Subgrupo A2), derivada do proceso selectivo convocado para a elaboración de listas co obxecto de proceder á cobertura de prazas de técnicos medios de xestión (Subgrupo A2), para o nomeamento de persoal interino baixo calquera das modalidades de funcionarios interinos establecidas no art. 10.1 da Lei no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e no art. 23.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Revisado dito expediente e visto o acta final do proceso de data 10/01/2019, constátase a existencia dun erro na puntuación obtida na segunda proba e no total da aspirante Catarina Reino Rey, xa que na proba 2 figura suspensa e debe figurar coa nota "10,404" e no Total onde figura "21,069" debe dicir "31,473", por lo tanto pasa a ocupar o posto no 55 na lista.

O art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017, atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal á Concelleira delegada de Facenda e Administración.

Á vista do exposto do informe do Servizo de Persoal; a Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación do Alcalde), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Corrixir o erro existente na Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 31/01/2019, na parte relativa á puntuación obtida pola aspirante Catarina Reino Rey, xa que na proba 2 figura suspensa e debe figurar coa nota "10,404" e no Total onde figura "21,069" debe dicir "31,473", por lo tanto pasa a ocupar o posto no 55 na lista.

A Coruña, 21 de marzo de 2019

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

A Concelleira delegada de Facenda e Administración

María Eugenia Vieito Blanco